

Execución e resultados agardados

Un dos retos máis importantes que afronta a medicina actual é a **resistencia antimicrobiana** debida, entre outros factores, ao abuso e mal emprego dos antibióticos. Este problema non só repercute directamente nun aumento da mortalidade por esta causa, se non que tamén pode afectar a procedementos médicos nos que é preciso evitar as infeccións.

Innova MicroLab está contribuíndo a resolver estes problemas mediante a investigación e o desenvolvemento de dúas solucións a través da modalidade de Compra Pública Innovadora. Os **contratos de Compra Pública Precomercial** iniciáranse en decembro de 2022 coas empresas que resultaron adxudicatarias de cada un dos lotes, concretamente Health In Code e Werfen para o lote 1, Becton Dickinson para o lote 2 e novamente Werfen para o lote 3. Na primeira fase, estas empresas desenvolveron o deseño funcional da solución, e mostraron, nos seus informes de resultados, a usabilidade e factibilidade destas, o seu entendemento do contexto e os correspondentes plans de validación. A avaliación dos resultados foi levada a cabo pola Comisión de Seguimento e Avaliación, que tivo en conta para iso os medios e recursos dedicados na execución, a súa xestión e posibles limitacións da solución proposta. As empresas que superaron esta fase foron Werfen para os lotes 1 e 3, e Becton Dickinson para o lote 2.

Nesta segunda fase final do proxecto preténdese lograr os obxectivos do mesmo. Dunha parte, a creación dunha plataforma rápida de diagnóstico de infeccións para detectar calquera microorganismo nos pacientes e, no caso das bacterias, aquelas que sexan resistentes fronte aos antibióticos. E en segundo lugar, a creación doutra plataforma que permita analizar o prognóstico dalgunhas patoloxías, como a enfermidade cardíaca, mediante o estudo do microbioma humano, clave na busca de solucións de medicina personalizada. Estas solucións tecnolóxicas axudarán á inclusión da información sobre o microbioma de cada paciente na súa historia clínica, coa consecuente adopción de terapias máis dirixidas aos seus problemas.

A Xunta de Galicia, a través da Compra Pública de Innovación, implícase nas etapas temperás de I+D para achegar solucións globais no ámbito da saúde. Co desenvolvemento do proxecto Innova MicroLab, **o Servizo Galego de Saúde segue á vangarda en materia de Compra Pública Innovadora.**

Contidos relacionados

En que consiste o proxecto Innova MicroLab?

Comeza a fase de Desenvolvemento do proxecto Innova MicroLab